

PROTOCOLO PARA O PROCEDIMENTO DE EMISIÓN DA TARXETA SANITARIA E MODIFICACIÓN DE DATOS DE MENORES DE IDADE TUTELADOS/AS POLA ADMINISTRACIÓN

O obxectivo deste protocolo é facilitar e axilizar a emisión da tarxeta sanitaria e/ou a modificación dos datos aos/as menores de idade tutelados/as pola Administración. En ningún caso aplica a menores baixo outra medida de protección distinta da tutela.

Primeiro: solicitude da condición da persoa asegurada

O inicio dos trámites levarase a cabo por parte do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial que por razón de residencia ou nacemento teña asumida a tutela do/a menor de idade.

- O persoal responsable de dito servizo solicitará o recoñecemento da condición de persoa asegurada a efectos da asistencia sanitaria, por parte do INSS. A solicitude deberá realizarse na unidade do Instituto Nacional da Seguridade Social que corresponda (Centro de Información e Atención da Seguridade Social/Dirección Provincial do INSS).
- O INSS emitirá un documento de inclusión do/a menor na base de datos de aseguramento BADAS no título 75: "*Menor tutelado por la administración* ", no que figura o número de afiliación do menor (NAF).

Segundo: solicitude da tarxeta sanitaria

O Servizo de Familia, Infancia e Dinamización da Xefatura Territorial cubrirá o formulario de solicitude da tarxeta sanitaria para os/as menores de idade tutelados/as pola Administración, que figura como anexo a este protocolo.

O formulario debidamente cuberto e con todos os datos requeridos deberá ser enviado ao Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación Persoal á seguinte dirección de correo electrónico tarxeta_sanitaria@sergas.es

Será necesario que o responsable do servizo asine e sele o formulario de solicitude de alta.

Terceiro: procedemento de alta e emisión da tarxeta sanitaria

- A emisión da tarxeta sanitaria en Galicia correspóndelle á Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.
- O persoal do Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación Persoal comprobará os datos do formulario de solicitude e procederá a realizar a alta no Sistema de Información Poboacional de Galicia - Tarxeta Sanitaria e á emisión da tarxeta sanitaria do/a menor de idade como titular. A tarxeta será remitida ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial.

Cuarto: datos do Sistema de Información Poboacional de Galicia e asignación de profesional sanitario

- O domicilio, que constará no Sistema de Información Poboacional de Galicia -Tarxeta Sanitaria será o do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial que corresponda.
- O número de teléfono de contacto e o número de teléfono autorizado para recibir notificacións electrónicas poderá ser o do centro de acollida ou da familia acollidora mentres asume a garda d/ao menor de idade.
- Con independencia do domicilio que figure no Sistema de Información Poboacional de Galicia -Tarxeta Sanitaria, ao/á menor asignaráselle profesionais sanitarios (medicina xeral/pediatría/enfermería) do centro de saúde que corresponda ao centro de acollida ou domicilio da familia acollidora.

Quinto: cambio de datos no Sistema de Información Poboacional de Galicia – Tarxeta Sanitaria

- O cambio dos profesionais sanitarios (medicina xeral ou pediatría/enfermería) e o cambio de número de teléfono pode ser solicitado polo personal do centro de acollida ou a familia acollidora do/da menor no centro de saúde.
- Todos os demais cambios dos datos deberán ser comunicados polo Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ao Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación Persoal ao seguinte enderezo electrónico: tarxeta-sanitaria@sergas.es

Sexto: solicitude de acceso delegado a E-saúde

A solicitude de acceso delegado deberá ser sempre tramitada polo Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica na solicitude dispoñible no Anexo II da Instrución 18/21, pola que se modifica a Instrución 3/17 para o acceso á carteira de servizos telemáticos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde por terceiras persoas distintas do/a paciente. A solicitude cuberta, xunto co documento que acredita a tutela ou certificado de acollida, será remitido ao Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación Persoal ao seguinte correo electrónico: tarxeta-sanitaria@sergas.es

Sétimo: protección de datos

No caso de menores con datos especialmente protexidos, remitirase xunto coa documentación necesaria para a solicitude da tarxeta sanitaria, un escrito de solicitude de protección de datos.

Na aplicación informática do centro de saúde aparecerá un aviso no que se indicará a protección dos datos do/a menor. Neste caso as citas deberán solicitarse de xeito presencial coa debida identificación no centro de saúde, non está dispoñible a cita por medios electrónicos nin por teléfono.

Oitavo: enderezos e persoas de contacto dos servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica das Xefaturas Territoriais

• A Coruña

Rúa Gregorio Hernández, 2 1º

15011 A Coruña

Responsable: Encarna Moreno Pastorín (encarna.moreno.pastorin@xunta.gal), tfno: 881 881918

Juan Carballo Vilanova (juan.carlos.carballo.vilanova@xunta.gal), tfno: 981 182041

• Lugo

Rda. da Muralla, 70

27071 Lugo

Responsable: Mª Isabel Martínez Pastor (administracion.menores.lugo@xunta.gal), tfno: 982 294367

• Ourense

Rúa Antonio Sáenz Díez, 39 Bajo

32003 Ourense

Interlocutoras: Raquel Rodríguez González (xestionadministrativa.menores.ourense@xunta.gal), tfno: 988 386584

• Pontevedra

Rúa Concepción Arenal, 8 1º

36201 Vigo (Pontevedra)

Responsable: Mª Begoña Lameiro González (maria.begona.lameiro.gonzalez@xunta.gal), tfno: 986 817390

Anexo:

Formulario de solicitude de alta no Sistema Poboacional de Galicia_Tarxeta Sanitaria

Datos persoais do/a menor de idade e datos de contacto:

Primeiro apelido:.....Segundo apelido:.....
Nome:.....Nome reducido:.....
Data nacemento:.....Sexo:.....
DNI/NIE.....Pasaporte:.....
Teléfono:.....Teléf. Móvil:.....
Enderezo:.....
Outros datos.....
Núm:.....-.....Piso:.....Porta:.....Bloque:.....Escaleira:.....C.Postal:.....
Provincia.....Concello:.....
Parroquia:.....
Lugar:..... (non obrigatorio)
Núcleo:..... (non obrigatorio)

Datos administrativos:

Número de afiliación:/...../.....
Cupo médico/Centro de saúde:.....
Grupo enfermería..... (non obrigatorio)

Datos do Padrón:

Provincia de empadramento:.....
Concello de empadramento:.....
Data expedición do Padrón:.....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
<i>Responsable do tratamento</i>	Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade.
<i>Finalidades do tratamento</i>	A tramitación administrativa que se derive da xestión desde formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
<i>Lexitimación para o tratamento</i>	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de requisitos legais impostos ao devandito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPDP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
<i>Destinatarios dos datos</i>	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
<i>Exercicio de dereitos</i>	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
<i>Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información</i>	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos
Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	

Lugar e data

.....a.....de.....de.....

Selo e sinatura do/a responsable do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización